

Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE NOVEMBRO DO 2016

Señoras e señores asistentes

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

Concelleiros ausentes:

Don Francisco García Dios.

Secretaría:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventora:

Dona Eva María Casal Sanjurjo.

En Padrón, sendo as dez horas do día dous de novembro de dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total doce dos trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria que é o seguinte:

**ÚNICO.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2015 E RENDICIÓN DA
MESMA AOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Especial de Contas de data 4 de outubro do 2016, que di:

<<**Antecedentes administrativos:**

Primeiro: Considerando que os artigos 208 e 209 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, establecen que as Entidades Locais, á terminación do exercicio orzamentario formarán a Conta Xeral, que porá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario.

Segundo: Visto que, unha vez rendidas as contas, a Conta Xeral do exercicio económico 2015 foi formada pola Intervención Municipal co contido e documentación establecido na Orde HAP/1781/2013 do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local., pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local.

Terceiro: Considerando que a Conta Xeral do exercicio económico 2015 debe someterse ao Informe da Comisión Especial de Contas para emitir o informe preceptivo, estando as contas e a documentación complementaria a disposición dos membros da devandita Comisión para exame e consulta, como mínimo, quince días hábiles antes da reunión.

Cuarto: Considerando que a Conta Xeral e o Informe da Comisión Especial de Contas deben permanecer expostos ao público polo prazo de quince días hábiles e oito máis, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, durante cuxo prazo de exposición pública os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións á mesma.

Quinto: Considerando que a Conta Xeral do exercicio económico 2015, acompañada, no seu caso, dos informes da Comisión Especial de Contas ás reclamacións e reparos formulados á mesma, debe someterse ao Pleno da Corporación para a súa aprobación e posterior rendición aos órganos de control externo, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Cuentas.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando o disposto nos artigos 31.2 e 136 da Constitución española.

Segundo: Considerando o disposto nos artigos 208 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Terceiro: Considerando o disposto polo artigo 212 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Cuarto: Considerando o disposto na Orde HAP/1781/2013 do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local.

Propoño a adopción do seguinte **ACORDO:**


Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2015 do Concello de Padrón e rendela aos órganos de control externo, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Cuentas.

Segundo: Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que se vai abster porque non participou nela.

Sr. Santaló Ríos. Di que é un trámite onde non van cuestionar a súa confección pero si retrata a xestión que se



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

leva no concello vai facer xa cinco anos e pico, xestión da que, desde un punto de vista funcional, non poden estar contentos. Que é certo que xa antes había recoñecementos extraxudiciais de crédito, pero agora vánse incrementando, e a cantidade de contratos de servizos tamén se van incrementando. Que en conxunto o que debería ser o normal do funcionamento dunha institución o de ir aproximándose á normalidade, estase incrementando cada vez máis. Pregunta ao señor Alcalde que ten pensado facer para ir correxindo, ou cando menos, aminorando esta situación e non que vaia a máis.

Sr. Alcalde. Contesta que seguir minorando a débeda tal e como estivo facendo todos estes últimos anos.

Sr. Santaló Ríos. Insiste na pregunta de si se vai seguir multiplicando a contratación de empresas de servizos cada vez que é necesario atender unha necesidade, porque vai ser un maremagnum de empresas de servizos e unha cantidade imposible de xestionar. Que se avanza cara unha administración de situación caótica.

Sr. Alcalde. Contesta que o señor Santaló Ríos sabe que non é certo. Que si Unión Fenosa presenta mil facturas por importe de cen euros é igual que faga unha soa por todo o importe.

Sr. Santaló Ríos. Insiste que semella a unha situación caótica e cada día é máis difícil de administrar e controlar.

Sr. Alcalde. Contesta que é unha percepción subxetiva do señor Santaló Ríos.

Sr. Rodríguez Conde. Di que o que se trae é a aprobación da Conta xeral do exercicio económico 2015 e a rendición da mesma aos órganos de control externos. Que leva aquí desde o ano 2007 e sempre se lle leva rendido aos órganos externos a conta xeral do Concello de Padrón. Que eles despois de estudala, tendo en conta que non son grandes economistas, e considerando toda a documentación que se aporta por parte dos servizos técnicos, van destacar catro folios e un deles é o dos reparos suspensivos. Que salvo outras noticias, os órganos externos non chamaron á orde. Que outro folio importante é onde pon a xestión indirecta dos servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración. Que vai enumerar os que están aí e outros que considera que deberían de estar, como a xestión do servizo da piscina municipal cuberta, que no ano 2015 sabían todos como estaba; a xestión do servizo da Escola infantil municipal, vencida desde o ano 2012; a xestión do servizo de recollida de residuos urbanos, vencida desde o ano 2012; a xestión do servizo municipal de auga e saneamento: data do contrato ano 1992, vencemento do prazo contractual 15 anos e sería no ano 2007, pero...

Sr. Alcalde. Interrumpe ao señor Rodríguez Conde e dille que non se está debatindo de si se renovou o contrato con Espina y Delfín, porque si se remonta a debatir desde o ano 2007 non se sae da sala máis nin se debate outra cousa.

Sr. Rodríguez Conde. Continúa dicindo que non venceu no ano 2007, senón que nunha Xunta de Goberno Local do ano 2004 prorrogase ata o ano 2026.

Sr. Alcalde. Di que el dirixe o debate e insiste que non se está para debatir do ano 2007.

Sr. Rodríguez Conde. Repite que no ano 2007 se prorrogou ata o ano 2026 e non se tomou ningunha medida. Que tamén engade o servizo de mantemento do alumeadado público, o servizo da cafetería do Centro Social e o servizo de Axuda no fogar, e que vendo a documentación que se lles aporta Padrón tamén vai ter un gran problema co persoal que son 29 funcionarios, 4 laboral fixo e 95 de persoal temporal e que hai dous puntos importantes con respecto a isto que é o convenio colectivo e a RPT. Que o convenio colectivo non está adaptado á situación actual porque merma as arcas municipais dunha maneira considerable e sen crear emprego. Que con respecto á RPT xa teñen dito, non só eles senón outros grupos, que deberían de ter feita unha RPT para evitar o problema do equipo de urbanismo, pero o señor Alcalde non fixo nada, non fai nada e non fará nada como dixo na comisión informativa. Que outra cousa que consideran importante é que os orzamentos están prorrogados desde o ano 2014 e tampouco se adaptan á situación actual. Di que a oposición no pleno de 28/01/2016 instou ao señor Alcalde para que presentara uns orzamentos ou un borrador para que se puideran debatir, estudar e colaborar e nesa moción, que se aprobou por maioría, instábase para que os trouxera en marzo e non se presentou e pensa que nin se presentarán neste ano 2016. Que cos datos que se lle aportaron, di que o Concello de Padrón ten unha débeda viva de 1.017.000 euros aproximadamente. Que

efectivamente é un trámite porque se vai mandar a uns órganos externos, aínda que non sabe que fan eses órganos porque despois de todo isto que acaba de enumerar algo terían que decidir. Que hai algo que figura no informe de Intervención que avala a súa postura de absterse, que ven dicindo "A Conta Xeral non se limita a ser un instrumento que teñan as Entidades Locais para cumprir a obriga formal de render contas senón constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario". Di que o PGD vaise abster.

Sra. Rey Pazos. Di que Veciños de Padrón hoxe vaise abster e non vai votar en contra, a pesar da xestión económica do goberno, porque este é un requisito indispensable para que o concello poida percibir subvencións como así llo fixo saber a interventora municipal. Que en canto á rendición da mesma aos órganos de control externo, entende que cando se crean órganos e despois non se lles dota de financiación suficiente para que se poidan realizar as funcións como a fiscalización das entidades locais, o que se está facendo é unha pantalla e sèrvelle de escusa a determinados partidos para dicir que están facendo as cousas ben e serve de escusa para que este goberno se senta impune cando fai actuacións contrarias á lei.

Sr. Alcalde. Dille á señora Rey Pazos que o denuncie. Que está facendo unha acusación e insiste que o denuncie. Que o Tribunal de Contas non lle contestou e ao mellor está ben.

Sra. Rey Pazos. Replica que cando non contestan nin está ben nin está mal ata que saiban o que contestan. Que a interventora municipal encargase en todos os informes de dicir que o señor Alcalde incumpre a normativa vixente.

Sr. Alcalde. Contesta que ten competencia para levantar os reparos.

Sra. Rey Pazos. Di que neste concello se lle pagou a unhas limpadoras sen ter ningún tipo de contratación e iso está dito pola interventora municipal.

Sr. Alcalde. Contesta que si se refire a unhas limpadoras dos colexios, foi el quen o arranxou e agora non se repara ningunha nómina das limpadoras.

Sra. Rey Pazos. Repite que isto lle serve de escusa ao goberno para sentirse impune ante esta situación. Que non están de acordo coa xestión levada a cabo polo goberno do PP, baseada no levantamento de reparos suspensivos, no incremento de recoñecementos extraxudiciais de crédito, nunha falta de planificación total que non entenden nin comparten, cun mantemento da débeda da que o señor Alcalde di que a rebaixa pero mantense exactamente igual que o ano pasado dun millón de euros e cre que para un concello como o de Padrón é bastante e non hai ningunha planificación para que esta débeda se reduza. Resalta a importancia que teñen os presupostos que permiten ver a situación económica real do concello e permite unha execución transparente do mesmo e que permita estabilidade presupostaria, por iso insta outra vez ao señor Alcalde para que leve ao pleno os presupostos.

Sr. González Pardal. Cre que está todo dito pero que o seu grupo non se vai abster senón que vai votar en contra porque se están facendo as cousas sen intentar solucionar os problemas. Que a débeda segue incrementándose.

Sr. Alcalde. Pide que diga verdades.

Sr. González Pardal. Di que levan dous anos na Corporación e non se lles presentou en ningún momento un presuposto, nin ningún plan de novos convenios dado que están todos caducados e os contratos están caducados. Que a situación do concello segue sendo a mesma que cando entraron ou peor. Que non ven ningunha posibilidade por parte do goberno actual de sacalos de onde están. Que non se sentaron a facer un plan a catro anos, a seis ou a dez. Que isto é un mero trámite pero coa abstención o único que fan é que o Concello siga como ata de agora.

Sr. Alcalde. Di que está votando en contra de darlle traslado ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas.

Sr. González Pardal. Contesta afirmativamente.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Forján Seoane. Di que a rendición de contas vale únicamente para ver os resultados, non as intencións, do orzamento, medir e avaliar os aspectos deste, como a calidade e a relación entre o orzamento de ingresos e o orzamento de gastos. Que o que se está facendo hoxe aquí é darlle o visto e prace a esa conta e votar para que se rinda a conta porque si votan en contra é para que non se rinda. Que o entende así.

Sr. Alcalde. Di que él tamén o entende así.

Sr. Forján Seoane. Di que o seu grupo quere que se rinda a conta, unha para que despois se fagan as fiscalizacións que reclama o BNG e os demais grupos, pero non quere dicir que estén de acordo cos gastos que nela se reflicten, pero iso non é o que se está validando hoxe. Insiste ao señor Alcalde que ten que facer todo o posible para sacar e regularizar os contratos como, por exemplo, o dos residuos sólidos urbanos que se contratou unha empresa por tres meses e leva funcionando tres anos e dez meses. Que se fixo un contrato por menos de 60.000 euros e van pagados máis de 800.000. Que tamén pasa o mesmo co da gardería e outros máis de menor contía. Que lle chama a atención o número de habitantes do concello e pregunta cantos habitantes ten o concello porque non lle coincide o que pon a conta.

Sr. Alcalde. Di que xa pasou noutros anos e pide á señora interventora se o pode explicar.

Sra. Interventora. Explica que á hora de facer a conta pediu os datos ao persoal que leva o Padrón de habitantes, que ao mellor llos deron e os consignou mal, pero volverá a comprobalos, pero supón que vai en relación do INE.

Sr. Forján Seoane. Contesta que na páxina da memoria do exercicio 2015 fala de 9.049 habitantes e na páxina que indica os datos económicos fala de 9.133 habitantes. Que lle interesa esa cantidade porque é a que vai dar a débeda por habitante e polo tanto a cantidade varía. Que calculando pola última cantidade sáelle unha débeda aproximada de 1.624.000 de euros.

Sr. Alcalde. Di que está mal porque está mal o número de habitantes. Que en decembro de 2015 a débeda viva era 1.017.143,14 e a débeda financeira a día de hoxe pensa que son 417.272,66 euros.

Sr. Forján Seoane. Di que o endebedamento calcúlase polo pasivo corrente máis o pasivo non corrente, dividido polo número de habitantes e se fai ese cálculo sáelle o millón seiscientos e pico de euros.

Sr. Alcalde. Contesta que son os datos do Padrón. Que é o que consta no informe de Intervención que é o que se vai mandar.

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que o problema ven de atrás porque senón se volcan os datos do Padrón e non se dá de baixa á xente e polo tanto non está actualizado e de feito hai o mesmo número de habitantes que o do ano pasado.

Sr. Alcalde. Pregunta á señora Secretaria senón se están dando de baixa.

Sra. Secretaria. Contesta que tería que ver o dato que deron e á que data o deron, pero si que se dá de baixa á xente porque o ve ela. Que soamente con incorporar os arquivos que remite o INE, directamente xa se dan de baixa. Que non hai posibilidade de non dalos de baixa, pero outra cousa é que se arrastren erros de anos pretéritos porque é verdade que hai erros, aínda que se correxiron un montón deles.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que o tema ven de atrás cando non se quería baixar dos dez mil habitantes por circunstancias, dado que houbo un goberno anterior que non quería baixar dos dez mil habitantes por cuestións orzamentarias e de subvencións e se estiveron falseando datos do Padrón. Que non se fixo unha depuración deses datos e vanse arrastrando.

Sr. Alcalde. Di que antes do cruce do Padrón informático a xente se censaba noutros concello e non se daba a baixa neste. Que Padrón realmente nunca tivo os dez mil habitantes.

Sr. Piñeiro Otero. Explica que el traballou temporalmente para o INE e na segunda pranta da Casa do Concello había empadroada unha persoa e na Praza de abastos había outra e na avenida de Pontecesures nunha casa

derruída había 20 ou 30 estranxeiros.

Sr. Forján Seoane. Di que tamén habería que revisar porque en Padrón o 33% da poboación non sabe leer nin escribir ou non ten ningunha titulación. Que pode ser pero parécelle excesivo.

Sr. Alcalde. Contesta que moitas persoas non actualizaron os títulos.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Catro (4), emitidas pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos.

VOTOS EN CONTRA: Un (1), emitido polo concelleiro de AxP, señor González Pardal.

ABSTENCIÓNS: Sete (7), emitidos polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do alcalde de data 26 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as dez horas e trinta e catro minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.

O Alcalde-Presidente



Asdo. Antonio Fernández Angueira



Secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez.